



1

AS BOAS CRIATURAS DO NADAL GALEGO

TEXTO: ANTONIO REIGOSA



As boas criaturas do Nadal galego

Texto: Antonio Reigosa

As criaturas que poboan o noso Nadal son herdeiras dunha simbiose cultural que mestura pegadas do mundo oriental antigo, do xudaísmo e das culturas clásicas e populares, tanto mediterráneas como do centro, norte e beira atlántica europea. Son fillas dunha mestizaxe que se foi decantando devagar, irmás xemelgas dun exército de seres que teñen a mesma misión en todas partes: fornecer de esperanza un tempo novo.

Xano, o deus romano que dá nome ao mes de xaneiro, tiña dous rostros; un de home vello que mira atrás, e outro de mozo que olla ao futuro. O solsticio de inverno chama a renovación, por iso se situou tan oportunamente o nacemento ritual do Neno Xesús.

As criaturas que creamos para representar este reinicio do ciclo anual son propiciatorias. Todo canto facemos ou dicimos nestes días forma parte dun vedraño ritual que se foi amalgamando conforme a directrices morais, relixiosas e económicas ou comerciais de cada tempo e lugar. O regalo segue representando o noso desexo de bo fado para as persoas ás que llo ofrecemos, e que os reciban especialmente os máis pequenos implica outro bo e necesario desexo, o da rexeneración simbólica da vida. E falando de rexeneración estacional, o coñecido *caganer*, a figura máis tradicional é a dun pastor cos pantalóns baixados en posición de defecar, que aparece indefectiblemente nos beléns cataláns, simboliza, lonxe de consideracións escatolóxicas, o abonado e fertilización da terra como benvida esperanzada de bos froitos.

Un rápido repaso a costumes que preceden aos que actualmente practicamos nesta época do ano pode levarnos a tempos moi recuados pero a ritos case idénticos. Xa na Roma das procaces *Saturnalia* se intercambiaban agasallos como as *sigillaria*, unha especie de monecas de terracota ou prata que se regalaban aos nenos, ou as *cerei*, velas coas que os humildes agasallaban aos seus patróns. Tamén poñían nas prazas públicas árbores decoradas con xoguetes.

O poeta latino Marco Valerio Marcial publicou no s. I d. C. dous libriños de epigramas titulados *Xenia* e *Apophoreta* que conteñen dedicatorias breves para acompañar os regalos que os romanos se intercambiaban nas *Saturnais*. O *Xenia* contén textos para acompañar os produtos perecedoiros (comidas e bebidas), o *Apophoreta* aos “non perecedoiros”, desde utensilios de cociña, mobiliario, obxectos de escritorio, ata libros, animais e incluso escravos. Na mesma Roma con motivo da celebración das festas en honor a Strenia, deusa da saúde e da sorte (o noso Aninovo), os romanos saúdábanse coas *strenae*, pólas de loureiro ou de oliveira coas que desexaban sorte para o ano entrante.

Os personaxes aos que o cristianismo encarga destas misión fan practicamente o mesmo.

San Nicolao fabricaba xoguetes que logo un asno repartía entre nenos e pobres. San Martiño, popular aínda hoxe nos Países Baixos, a reencarnación cristianizada de personaxes como o *Martinsfeuer*, *Martinhorn* ou *Martinsmännchen* alemáns era o que, segundo J. Amades, levaba os regalos aos nenos e nenas da comarca do Ampurdá catalán. Vestía pobre, ía montado nun ruín asno e deixaba castañas e outros froitos secos nas ventás dos nenos bos; nas dos que se portaran mal mal deixaba cinsas e bostas de asno.

Tras a cea de Noiteboa pode visitarnos San Nicolao, Santa Claus, Papá Noël ou o Pandigueiro, na Noitevella pode entrar na casa o Apalpador ou Xan Fiz, e na do 5 para o 6 de xaneiro os Reis Magos, pero ao fin, todas e cada unha destas criaturas,

tendo orixes diferentes, cumpren a mesma misión: fornecernos de alegría e esperanza para a nova xeira que comeza.

A noite do apalpadoiro ou da apalpadoira

X. Taboada Chivite describe “*a noite de apalpadoiro*”, dicindo que na derradeira noite do ano se palpaba o ventre das persoas, sobre todo de nenas e nenos, por ver se comeron ou non para todo o ano entrante. Outros testemuños de diferentes lugares da montaña de Lugo refírense ao mesmo hábito, ou rito, denominado “apalpadoiro” ou “apalpadoira”. O investigador leonés N. Bartolomé Pérez achéganos unha información parecida referida a un rito idéntico, documentado nas terras do Bierzo.

Un costume, con máis pasado ca presente, no que se lles pide aos pequenos da casa que coman ata quedar fartos para todo o ano que chega. De non facelo, anúncianlles que virá visitalos un personaxe chamado Apalpadoira para tentearlles a barriga e comprobar se efectivamente comeran o suficiente.

O Apalpador

A figura do Apalpador é de recuperación recente. As principais informacións proceden de traballos de campo feitos nas terras de Louzara, O Courel e O Cebreiro no ano 1994 polo investigador José André López González, aínda que publicados no 2006.

O Apalpador é un xigante, de oficio carboeiro, que mora nas devesas, que usa boina, casaca esfarrapada e remendada, que

fuma en pipa e se alimenta de bagas e porcos bravos. O día 31 baixa da montaña e visita os miúdos despois de quedaren durmidos para apalparlles a barriga por ver se a teñen chea ou baleira. De térena chea, di: “Así, así esteas todo o ano” e déixalles unhas poucas castañas; en cambio, se a teñen baleira, déixalles unha fartura delas.

O Pandigueiro

En 2008 escoitamos falar deste personaxe no programa da Radio Galega dirixido por Xurxo Souto, “Aberto por reformas”. Neste programa o antropólogo Miguel Losada situaba a información referente a este personaxe na Terra de Trives.

O Pandigueiro ten a misión de achegarse ao leito dos nenos que se tivesen que deitar na Noite de Nadal co calleiro baleiro. Segundo esta información, os raparigos tiñan que pedirlle ao Pandigueiro “*leitíña con purgazos*” (castañas secas, cocidas) por medio dun retrouso e este baixaba da Serra da Cabeza Grande con castañas e con xoguetes tallados en madeira de amieiro cocida.

Xan Fiz

O escritor Calros Solla, nun artigo publicado no xornal *Faro de Vigo*, descóbrenos outro personaxes sorprendente. Chámase Xan Fiz “*home velleiro, alto, fraco e barbudo*” que residiría en Macao, na antiga colonia portuguesa onde tivo a sorte de atopar a *Pedra de Gilardillo*, unha especie de corno da abundancia. Visita as terras de Cerdedo polo Nadal. Hai que convidalo á mesa, reservándolle ao noso carón unha cadeira baleira e un servizo completo. Di C. Solla



Ilustración de Noemí López para *Trece noites, trece liñas.*

que quizais a lenda se remonte ao s. XVI, momento no que os portugueses fundan aquel asentamento, e que pode que estea relacionado co mítico Preste Xoán, patriarca e rei cristián do Oriente, descendente dos Reis Magos.

De San Nicolao e Santa Claus

San Nicolao, o provedor de regalos para os nenos pobres nos países cristiáns de Europa desde o s. XIII, vestía de eclesiástico, ía dacabalo dun burro, mula ou asno, substituíndo a antigos repartidores de regalos a medida que o seu culto se estendía polo norte e centro de Europa. Repartía os regalos o 6 de decembro, día que ten reservado no santoral e no que comezaba oficialmente o Nadal.

Coa reforma protestante de 1535, Lutero impuxo un novo personaxe chamado Christkind (Cristo Neno), que repartía regalos na noite do 24 ao 25 de decembro. Desde entón, San Nicolao repartía regalos entre os nenos católicos e Christkind entre os protestantes.

O Concilio de Trento (1545-1563) non lle retira a función a San Nicolao pero dispón que faga o reparto dos regalos tamén o 25 de decembro. A partir do s. XVII, mesmo se lle facilita un acompañante, Knecht Ruprecht, un criado que lle axuda cos sacos, coa roupa e o corpo ennegrecidos de tanto entrar e saír polas chemineas, pero, sobre todo, que pode castigar coa súa vara aos de comportamento dubidoso.

Ilustración de Noemí López para *Trece
noites, trece lúas.*



Unha nova figura, unha mestura entre os dous anteriores, aparece en escena. Chámase *Weihnachtsmann* (Home ou Santo Nadal), un San Nicolao con aspecto de gnomo. Ten barba branca e longa, leva vara e carapucha, e vai cuberto cun peleso entre marrón e vermello; agasallaba con froitos e doces aos nenos na noite do 24 de decembro.

Como é ben sabido, os personaxes que forman parte da nosas culturas emigran canda nós. No s. XVII os holandeses que chegan aos USA fundan a cidade de Nova Amsterdam, agora chamada Nova York. Levan con eles a San Nicolao, ao que honran na festa de Sinterklaasfeest. Washington Irving (1783-1859) escribe unha historia da cidade de Nova York, que se publica en 1809, onde describe a este San Nicolao como un holandés xeneroso, que fuma en pipa e viste pantalóns de anchas perneiras. Viaxa nun cabalo voador e bota os regalos pola cheminea.

Para chegar a Santa Claus só queda un par de pasos. Os anglofalantes van transformar *Sinterklaas* en *Saint Claus*. Un pastor protestante chamado Moore escribe un poema no que fai viaxar a Santa Claus nun trineo tirado por 8 renos, poema que ilustra Thomas Nast, que é quen lle dá o aspecto case actual a Santa Claus.

Outro debuxante, ano 1931, chamado Haddon Sundblom, atende un encargo da empresa Coca-Cola para unha campaña publicitaria. Debuxa un personaxe coa aparencia dun pensionista da empresa, con cara de boa persoa. Vísteo cun pixama ver-

mello e branco, gorro de durmir, botas e cinto negro; e que saúda: *ho, ho, ho!*

Viaxa nunha zorra tirada por 9 renos, entra polas chemineas co seu saco cheo de regalos ata que en 1966, cando rematan esta campaña de lanzamento da empresa Coca Cola, xa pasea por Europa e polo mundo enteiro como Santa Claus.

Papa Noël

Noël vén de *novellum*, día ou sol novo. Personaxe ao que se atribúen diversas orixes (Alsacia, Normandía) sen descartar entre os seus antecedentes aos deuses Odín, Thor ou Saturno. Segundo os países chámasele Father Christmas, Père Noël, Babbo Nato, Papá Noel, Pare Noel, Pai Nadal ... Hoxe esta plenamente identificado con Santa Claus, aínda que o seu nome é moito máis antigo.

Os Reis Magos

No máis tardío dos evanxeos canónicos San Mateo fala duns *magusàioi* (expertos en rituais máxicos e astrolóxicos, seguidores de Zaratustra que dexeneraron en charlatáns de feira a consecuencia das persecucións), sen precisar cantos, que toman o camiño de Belén guiados por unha estrela; non nos di o seu nome nin menciona que sexan reis, como non o fan as fontes apócrifas. Hai unha tradición irania que asocia a presenza dunha estrela como agoiro ou sinal do nacemento dun rei.

Os Reis Magos, tal e como hoxe os coñecemos, non comezaron a ser populares ata o s. XIX, e entón só nos países católicos. O seu número variou de dous a ducias se-

gundo o lugar e a época. Os cristiáns de Oriente quedáronse co número de doce mentres que a tradición occidental acabou acordando que fosen tres por ser este o número das ofrendas: ouro, incenso e mirra. Por un apócrifo redactado no s. VI d. C., o *Evanxeo Armenio da Infancia de Xesús*, coñecemos por primeira vez os seus nomes e ocupacións: Melkón, rei dos persas, Gaspar, rei dos indios, e Baltasar, rei no país dos árabes. A versión dos seus nomes en latín (Melchior, Gaspar e Balthassar) cítase por primeira vez en 1178.

Melchor represéntase como un vello de longos cabelos e barbas brancas que lle ofrece ouro ao neno; Gaspar, un mozo sen barba con perfís asiáticos ofrece incenso, e Baltasar, home maduro e *fuscus* (moreno), de pelo rizado e labios grosos, que ofrenda mirra. Desde Ireneo (s. II), a interpretación do significado simbólico dos tres regalos queda fixada da seguinte maneira: a mirra quere dicir que Xesús é home, o ouro que é rei, e o incenso que é deus.

No mosaico bizantino de San Apolinar Nuovo, en Rávena, ano 520 d. C., os tres reis son brancos. Beda, O Venerable, xa fala dun rei moreno no s. VII pero non vai aparecer representado nas iconografías ata o s. XV.

Outros portadores de regalos

Hai moitas coincidencias entre as criaturas do noso Nadal e as do resto de Europa. Os nosos Apalpador, Pandigueiro ou Xan Fiz, os popularísimos Santa Claus, Papa Noël ou os Reis Magos, teñen moitos colegas polo mundo adiante coa delicada misión de carrexar galanos, especialmen-

te dirixidos a nenos e nenas. Babunskha e Pai Inverno (Rusia), Befana e Gesù Bambino (Italia), Chalan, Tante Arie e Pansard (Francia), Guy Eawekes (Inglaterra), Hansdstrap (Alsacia), Holla e Perschta (Alemaña), Joulupukki (Finlandia) Julenissen (Suecia), Święty Mikołaj (Polonia), Ulemanden (Dinamarca). Na península Esteru (Cantabria e Asturias oriental), Fumera e Tió de Nadal (Cataluña), Olentzero (Euscadi).

Poderíanse engadir outros moitos nomes de criaturas coma estas, a maioría xa esquecidas, e outras, como o noso Apalpador ou Pandigueiro, empeñadas, afortunadamente, en resucitar.

As boas criaturas portadoras de tantas e tan boas ilusións non deberan darse a esquecemento endexamais!

Bibliografía

Reigosa, Antonio. *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal*, Ed. Xerais, Vigo, 2011. (Ilustradora: Noemí López)